

# MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**16699** *REAL DECRETO 1163/2005, do 30 de setembro, polo que se regula o distintivo público de confianza nos servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, así como os requisitos e o procedemento de concesión.* («BOE» 241, do 8-10-2005.)

O Real decreto 292/2004, do 20 de febreiro, polo que se crea o distintivo público de confianza nos servizos da sociedade da información e de comercio electrónico e se regulan os requisitos e procedemento de concesión, levou a efecto a previsión contida na disposición derradeira oitava da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, para a aprobación dun distintivo de identificación dos códigos de conduta que ofrezan determinadas garantías aos consumidores e usuarios.

A norma adoptada atribúelle á Administración xeral do Estado, a través do Instituto Nacional do Consumo, as competencias para os actos de concesión e retirada deste distintivo público nos seus artigos 10 e 11 e na súa disposición transitoria única. Nos artigos 8.3 e 9 atribúenselle, en exclusiva, ao Instituto Nacional do Consumo competencias relativas ao seguimento da supervisión do cumprimento dos códigos e das obrigas das entidades promotoras destes. A disposición derradeira segunda, por último, atribúelle ao presidente do Instituto Nacional do Consumo as competencias para adoptar as resolucións precisas para a aplicación do disposto no devandito real decreto.

Por outra banda, no seu artigo 5.2 establécese a previsión de que se favoreza e impulse a oferta ao consumidor ou usuario da posibilidade de elixir, entre as linguas oficiais da Unión Europea, aquela en que se deberán realizar as comunicacións comerciais, en especial, a información precontractual e o contrato.

O Consello de Ministros atendeu un requirimento de incompetencia realizado polo Goberno da Xeneralidade de Cataluña que se concreta en solicitar do Goberno da Nación que adopte o acordo de derogar os artigos 5.2, 10 e 11, a disposición derradeira segunda e as referencias ao Instituto Nacional do Consumo contidas nos artigos 8.3 e 9 do Real decreto 292/2004, do 20 de febreiro, ou, subsidiariamente, o de darlles nova redacción na cal se recoñeza a competencia das comunidades autónomas respecto do procedemento e funcións executivas neles regulados e, en canto ao artigo 5.2, engádese a referencia ás linguas cooficiais no territorio español. En efecto, na súa reunión do 4 de xuño de 2004, o dito órgano colexiado acordou aceptar tal requirimento nos termos que a continuación se expoñen.

No precitado acordo considera o Goberno que debe recoñecerse a competencia das comunidades autónomas respecto dos actos de concesión e de retirada do distintivo de referencia (artigos 10 e 11 do Real decreto 292/2004, do 20 de febreiro) pois constitúen as devanditas concesións actos de mera execución unha vez verificado o cumprimento dos requisitos e condicións correspondentes aos códigos de conduta que permitan a súa utilización e que se establecen na norma requirida.

En consecuencia, e sen excluír a competencia de que o Estado dispón para crear ou aprobar un distintivo que permita identificar aqueles prestadores de servizos da sociedade da información que voluntariamente se adhiran e respecten uns códigos de conduta de ámbito nacional ou superior, cuxos requisitos mínimos ou optativos deben ser fixados polo Estado, débese cumprir o mandato da disposición derradeira oitava da Lei 34/2002, do

11 de xullo, e, de acordo coa doutrina constitucional, considera o Goberno que procede aceptar o requirimento de incompetencia respecto dos artigos 10 e 11 e a disposición transitoria única e, por ende, respecto ás mencións ao Instituto Nacional do Consumo contidas nos artigos 8.3 e 9, así como no relativo á disposición derradeira segunda do real decreto requirido, polo que procede modificar os devanditos preceptos para acomodalos á repartición competencial. Mantense, non obstante, a comunicación ao Instituto Nacional do Consumo da información relevante para os efectos da publicidade do distintivo ou a súa comunicación á Comisión de Cooperación de Consumo, no marco da necesaria cooperación institucional.

Por último, en canto á modificación que se solicita no requirimento de incompetencia do teor do artigo 5.2 do real decreto requirido, considera o Goberno que neste punto non existe unha vindictio potestatis propia dos conflitos positivos de competencia encamiñados a eliminaren transgresións concretas e efectivas dos respectivos ámbitos competenciais, tal e como establece a xurisprudencia constitucional.

O cumprimento deste acordo do Consello de Ministros exige, en consecuencia, modificar o Real decreto 292/2004, do 20 de febreiro, para acomodar os artigos 10 e 11, e a disposición transitoria única e as mencións ao Instituto Nacional do Consumo contidas nos artigos 8.3 e 9, así como a disposición derradeira segunda, á repartición competencial.

Para facilitar a aplicación da norma, non obstante, considerouse necesario establecer nun único texto normativo a regulación do distintivo público de confianza en liña, e derogar o Real decreto 292/2004, do 20 de febreiro, cuxa regulación non afectada polo requirimento de incompetencia se incorpora a este real decreto.

Na tramitación deste real decreto tívose en conta o parecer das comunidades autónomas e foi oído o Consello de Consumidores e Usuarios.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Sanidade e Consumo e de Industria, Turismo e Comercio, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación en Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de setembro de 2005,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

**Disposicións xerais**

Artigo 1 *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto regular o distintivo que poderán mostrar os prestadores de servizos que se adhiran a códigos de conduta que cumpran as condicións previstas no capítulo II deste real decreto, en cumprimento do previsto na disposición derradeira oitava da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico.

Así mesmo, este real decreto establece as condicións que deben reunir tales códigos de conduta, a concesión e retirada do distintivo e o procedemento aplicable.

Artigo 2 *Denominación e forma do distintivo.*

Este distintivo denominarase «distintivo público de confianza en liña». O seu formato é o que figura no anexo.

Artigo 3 *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto aplícase ás corporacións, asociacións ou organizacións comerciais, profesionais e de con-

sumidores que adopten códigos de conduta destinados a regular as relacións entre prestadores de servizos da sociedade da información e os consumidores e usuarios, cando a adhesión a tales códigos conceda o dereito ao uso e administración do «distintivo público de confianza en liña».

Este real decreto aplicarase, así mesmo, aos prestadores de servizos da sociedade da información que fagan uso do devandito distintivo.

## CAPÍTULO II

### Requisitos dos códigos de conduta

#### Artigo 4 *Ámbito e contido dos códigos.*

1. Os códigos de conduta de ámbito nacional ou superior regulados por este real decreto deberán estar redactados en termos claros e accesibles.

2. Ademais dos outros requisitos exixidos neste real decreto os códigos de conduta deben respectar a legalidade vixente e incluír, como mínimo, con suficiente grao de precisión:

a) As garantías concretas que ofrecen aos consumidores e usuarios que melloren ou incrementen as recoñecidas polo ordenamento xurídico.

b) Un sistema de resolución extraxudicial de conflitos de entre os previstos no artigo 7.

c) Os compromisos específicos que asumen os prestadores de servizos adheridos en relación cos problemas concretos formulados aos consumidores e usuarios do sector, identificados segundo a información dos promotores do código e a que, para o efecto, lles faciliten as asociacións de consumidores e as administracións públicas sobre as reclamacións presentadas polos consumidores e usuarios.

d) O ámbito das actividades do prestador de servizos sometidas ao código, que, polo menos, englobará algunha das seguintes áreas: as comunicacións comerciais ou a información precontractual, a contratación e os procedementos de solución de queixas ou reclamacións, cando estes sexan distintos dos sistemas de resolución extraxudicial de conflitos a que se refire o artigo 7.

3. Estes códigos de conduta deberán prever a posibilidade de adhesión ao código de prestadores de servizos que non sexan membros da entidade promotora, sempre que a actividade desenvolvida por estes estea incluída no ámbito do código.

#### Artigo 5 *Compromisos adicionais.*

1. Sen prexuízo de calquera outro compromiso que poidan establecer as entidades promotoras dos códigos de conduta regulados por este real decreto, estes poderán conter previsións específicas sobre:

a) O grao de accesibilidade aos contidos dos consumidores e usuarios que teñan algunha discapacidade ou de idade avanzada, conforme os criterios de accesibilidade xeralmente recoñecidos, así como os calendarios adoptados para o establecemento de medidas adicionais.

b) As medidas concretas adoptadas en materia de protección dos menores e de respecto á dignidade humana e aos valores e dereitos constitucionalmente recoñecidos.

c) A adhesión a códigos de conduta sobre clasificación e etiquetaxe de contidos. En tales casos, deberá facilitarse información completa sobre tales códigos.

d) As instrucións sobre os sistemas de filtrado de contidos utilizables nas relacións cos prestadores de servizos.

e) Os procedementos previstos para comprobar que os prestadores de servizos reúnen as condicións exixidas para a adhesión ao código de conduta e a utilización do distintivo.

2. As entidades promotoras dos códigos de conduta impulsarán que os prestadores de servizos adheridos ofrezan ao consumidor ou usuario a posibilidade de elixir, entre as linguas oficiais da Unión Europea, a lingua en que se deberán realizar as comunicacións comerciais e, en especial, a información precontractual e o contrato.

#### Artigo 6 *Participación do Consello de Consumidores e Usuarios.*

Na elaboración e modificación dos códigos de conduta regulados neste real decreto deberá darse participación ao Consello de Consumidores e Usuarios. Esta participación articularase, como mínimo, do seguinte xeito:

a) Que, con carácter previo á redacción do código de conduta, as entidades promotoras deste poñan en coñecemento do Consello a súa vontade de adoptalo e soliciten a colaboración deste órgano a través do procedemento que, en cada caso, se acorde.

b) Que as entidades promotoras soliciten ás asociacións de consumidores e usuarios, a través do Consello, a identificación dos problemas específicos do sector, partindo das reclamacións e consultas por elas tramitadas, e para os efectos previstos no artigo 4.2.c).

c) Que o Consello non emita motivadamente un ditame desfavorable sobre o contido definitivo do código de conduta no prazo dun mes desde que a entidade promotora llo solicite. A mera formulación de observacións ao código non supón a emisión dun ditame desfavorable. O ditame desfavorable unicamente poderá fundarse no incumprimento dos requisitos recollidos neste real decreto ou nas normas de protección aos consumidores e usuarios.

#### Artigo 7 *Sistemas de resolución extraxudicial de conflitos.*

1. Os códigos de conduta que pretendan obter o «distintivo público de confianza en liña» deberán establecer, como medio de solución de controversias entre os prestadores de servizos e os consumidores e usuarios, o sistema arbitral de consumo ou outro sistema de resolución extraxudicial de conflitos que figure na lista que publica a Comisión Europea sobre sistemas alternativos de resolución de conflitos con consumidores e que respecte os principios establecidos pola normativa comunitaria a este respecto.

2. Nos procedementos de resolución extraxudicial de conflitos a que fai referencia o punto anterior, poderá facerse uso de medios electrónicos na medida en que o posibilite a súa normativa específica e coas condicións previstas nela.

3. A adhesión dos prestadores de servizos a un dos sistemas mencionados no punto anterior é requisito necesario para a incorporación dos prestadores de servizos aos códigos de conduta.

#### Artigo 8. *Supervisión do cumprimento dos códigos de conduta polos prestadores adheridos.*

1. Os códigos de conduta deberán incluír procedementos de avaliación independentes para comprobar o cumprimento das obrigas asumidas polos prestadores de servizos adheridos, e establecer un réxime sancionador adecuado, eficaz e disuasorio.

2. O procedemento de avaliación que se prevexa, que poderá realizarse integramente por medios electrónicos, deberá garantir:

a) A independencia e imparcialidade do órgano responsable da avaliación e sanción.

b) A sinxeleza, accesibilidade e gratuidade para a presentación de queixas e reclamacións ante a devandito órgano polos eventuais incumprimentos do código de conduta e a celeridade en todas as fases do procedemento.

c) A audiencia do reclamado e o principio de contradición.

d) Unha graduación de sancións que permita axustalas á gravidade do incumprimento. Esas sancións deberán ser disuasorias, e poderá establecerse, se é o caso, a súa publicidade ou a suspensión ou expulsión da adhesión ao código ou á entidade promotora, no caso de que se trate de prestadores de servizos integrados nela.

e) A notificación ao denunciante da solución adoptada.

3. As sancións que se lles impoñan aos prestadores de servizos por incumprimento dos códigos de conduta deberán notificarse trimestralmente ao órgano administrativo competente para a concesión e retirada do distintivo. Cando as devanditas sancións supoñan a expulsión da adhesión ao código ou a suspensión dos seus dereitos, a notificación deberá realizarse no prazo dos cinco días seguintes ao da adopción da sanción.

### CAPÍTULO III

#### Obrigas das entidades promotoras

Artigo 9 *Obrigas das entidades promotoras dos códigos de conduta.*

As entidades promotoras de códigos de conduta regulados neste real decreto terán as seguintes obrigas:

a) Administrar o «distintivo público de confianza en liña», facilitar e xestionar a súa utilización polos prestadores de servizos adheridos ao código de conduta adoptado por elas e que conforme o previsto no artigo 7.3, lle acrediten a súa adhesión ao sistema extraxudicial de resolución de conflitos previsto no código de conduta. As entidades promotoras, así mesmo, deberán informar o órgano administrativo competente para a concesión e retirada do distintivo sobre as adhesións ao código de conduta de novos provedores de servizos ou sobre as baixas, mediante a comunicación quincenal das variacións producidas.

b) Manter accesible ao público información actualizada sobre as entidades promotoras, o contido do código de conduta, os procedementos de adhesión e de denuncia fronte a posibles incumprimentos do código, os sistemas de resolución extraxudicial de conflitos que promove o código e os prestadores de servizos adheridos a este en cada momento.

Esta información deberá presentarse de forma concisa e clara e estar permanentemente accesible por medios electrónicos.

c) Remitir ao órgano administrativo competente para a concesión e retirada do distintivo unha memoria anual sobre as actividades realizadas para difundir o código de conduta e promover a adhesión a este, as actuacións de verificación do cumprimento do código e os seus resultados, as queixas e reclamacións tramitadas e o curso que se lles dese, as sancións impostas e calquera outro aspecto que as entidades promotoras desexen destacar.

d) Avaliar periodicamente a eficacia do código de conduta, medindo o grao de satisfacción dos consumidores e usuarios e, se é o caso, actualizar o seu contido para adaptalo aos cambios experimentados na tecnoloxía, na prestación e uso dos servizos da sociedade da información e na normativa que lles sexa aplicable.

Esta avaliación deberá contar coa participación do Consello de Consumidores e Usuarios nos termos previstos no artigo 6 e terá lugar, polo menos, cada catro anos, agás que sexa precisa a adaptación dos compromisos do código á modificación da normativa aplicable nun prazo menor.

Os resultados da avaliación comunicaranse á Comisión Europea e ao órgano administrativo competente para a concesión e retirada do distintivo.

e) Favorecer a accesibilidade das persoas que teñan algunha discapacidade ou sexan de idade avanzada a toda a información dispoñible sobre o código de conduta.

### CAPÍTULO IV

#### Concesión e retirada do distintivo

Artigo 10. *Órgano competente para a concesión e retirada do distintivo.*

A concesión e retirada do distintivo de confianza regulado neste real decreto, así como o exercicio das funcións dirixidas a velar polo mantemento dos requisitos que xustifican o seu outorgamento, correspóndelle ao órgano competente en materia de consumo da comunidade autónoma en que estea domiciliada a entidade promotora do código. Estas resolucións terán validez en todo o territorio do Estado.

Para os efectos da publicidade do distintivo prevista no artigo 13, estes órganos deberánlle comunicar ao Instituto Nacional do Consumo os actos de concesión ou retirada do distintivo, dándolle traslado de toda a información precisa para cumprir coas obrigas impostas polo citado precepto, nos cinco días seguintes ao da adopción das respectivas resolucións. En idéntico prazo, para os efectos da publicidade e do establecemento da necesaria cooperación administrativa a través da Comisión de Cooperación de Consumo, tales órganos competentes darán traslado ao Instituto Nacional do Consumo da información que lle facilitasen as entidades promotoras conforme os artigos 8.3 e 9.a) c) e d).

Artigo 11. *Outorgamento do distintivo.*

1. As entidades promotoras dos códigos de conduta regulados neste real decreto presentarán a súa solicitude ante o órgano administrativo competente para a concesión e retirada do distintivo, á que lle xuntarán unha copia do código, da documentación acreditativa da participación do Consello de Consumidores e Usuarios e, se é o caso, de terse comunicado o proxecto de código á Comisión Europea.

Así mesmo, deberán achegar a documentación relativa á adhesión dos prestadores de servizos que o subscriben ao sistema extraxudicial de resolución de litixios que se prevexa no código.

2. Na tramitación deste procedemento, o órgano competente para a concesión e retirada do «distintivo público de confianza en liña» poderá requirir cantos informes considere pertinentes para valorar o alcance e contido do código de conduta presentado e, en todo caso, con carácter preceptivo, o informe do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e da Comisión de Cooperación de Consumo. No caso de tratarse de códigos de conduta que afecten actividades de venda a distancia, deberá solicitarse o informe preceptivo dos órganos competentes en materia de inscrición, rexistro e control destas empresas.

Así mesmo, o órgano administrativo competente para a concesión e retirada do distintivo poderá solicitar o informe dos órganos competentes en materia de defensa da competencia cando, polo alcance e contido do código, xurdisen dúbidas sobre se pode afectar negativamente a competencia.



3. As resolucións que se diten neste procedemento deberán ser motivadas e publicaranse no diario oficial da comunidade autónoma competente, conforme o previsto no artigo 10, e no «Boletín Oficial del Estado».

As devanditas resolucións serán impugnables conforme o previsto no capítulo II do título VII da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Artigo 12. *Retirada do distintivo público de confianza.*

O dereito á utilización e administración do «distintivo público de confianza en liña» poderá ser retirado de as entidades promotoras dos códigos de conduta recoñecidos incumpriren as obrigas establecidas neste real decreto. A retirada do dereito á utilización e administración do «distintivo público de confianza en liña» a unha entidade promotora implicará a imposibilidade da súa utilización por parte dos prestadores de servizos adheridos ao código de conduta.

Así mesmo, ante a inactividade da entidade promotora e sen prexuízo das medidas que puidesen adoptarse fronte a ela por tal causa, poderáselles retirar directamente o uso do distintivo aos prestadores de servizos que incumpran manifesta e reiteradamente o código de conduta cuxa adhesión lles confira tal dereito.

A retirada do distintivo de confianza tramitarase mediante un procedemento contradictorio e contará co informe preceptivo da Comisión de Cooperación de Consumo; así mesmo, poderá adoptarse como medida provisional a suspensión do dereito a utilizar o distintivo. A resolución pola que se retire o distintivo será impugnabile conforme o previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Artigo 13. *Publicidade do distintivo.*

1. O Instituto Nacional do Consumo publicará na súa páxina da internet os códigos de conduta aos cales se lles conceda o distintivo regulado neste real decreto; a relación das entidades promotoras dos devanditos códigos e a dos prestadores de servizos adheridos; as sancións impostas aos prestadores de servizos por incumprimento, se son públicas, especialmente cando leven aparellada a suspensión ou expulsión do prestador de servizos do código ou da entidade promotora ou a retirada do «distintivo público de confianza en liña», e o enderezo establecido para a presentación de queixas por incumprimento dos códigos e o dos órganos de resolución extraxudicial de conflitos previstos nos códigos de conduta.

2. As entidades promotoras dos códigos de conduta ás cales se lles concedese o dereito á utilización e administración do distintivo regulado neste real decreto e os prestadores de servizos adheridos a tales códigos poderán usar, tanto graficamente como pola súa denominación, o «distintivo público de confianza en liña» en todas as súas manifestacións internas e externas, incluídas as campañas de publicidade. Todo iso sen prexuízo do cumprimento das obrigas de información ao consumidor, en particular, en relación coa adhesión a sistemas extraxudiciais de resolución de conflitos.

3. As entidades promotoras e os prestadores de servizos adheridos aos códigos de conduta deberán posibilitar o acceso ao contido do código e ao enderezo habilitado para presentar as queixas e reclamacións a través dos soportes informáticos en que se insira o «distintivo público de confianza en liña».

## CAPÍTULO V

### Actuacións de control

#### Artigo 14. *Actuacións de control.*

Cando a utilización do «distintivo público de confianza en liña», contravindo o disposto neste real decreto, constitúa publicidade ilícita, o Instituto Nacional do Consumo e os órganos competentes en materia de consumo das comunidades autónomas poderán iniciar o procedemento sancionador ou promover o exercicio das accións xudiciais que procedan, de conformidade co previsto na Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios; no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria; na Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade, ou nas respectivas leis autonómicas.

Disposición transitoria primeira. *Adaptación dos códigos vixentes.*

Ata o 31 de xullo de 2006 as entidades promotoras de códigos vixentes na data de entrada en vigor deste real decreto poderán solicitar a concesión do «distintivo público de confianza en liña» acreditando, se é o caso, que se comunicou o proxecto adaptado á Comisión Europea.

En tales supostos, non será exigible a notificación previa ao Consello de Consumidores e Usuarios prevista no artigo 6.a), e abondará con que se requira a colaboración do devandito órgano, a través do procedemento que en cada caso se acorde, para a realización das adaptacións precisas para cumprir os requisitos exigidos neste real decreto.

Disposición transitoria segunda. *Período transitorio.*

1. As disposicións deste real decreto serán de aplicación a todos os procedementos de concesión ou retirada que estean en tramitación no momento da súa entrada en vigor. Para tales efectos, o Instituto Nacional do Consumo trasladará ao órgano competente para a concesión ou retirada do «distintivo público de confianza en liña» a documentación que conste no seu poder, e absterase de realizar calquera outra actuación de impulso do procedemento.

2. Os «distintivos públicos de confianza en liña» que se concedesen conforme a normativa aplicable con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto manterán toda a súa vixencia. O Instituto Nacional do Consumo trasladará ao órgano competente en cada caso toda a documentación que conste no seu poder respecto de tales procedementos co obxecto de que o devandito órgano exerza as funcións de vixilancia que lle atribúe o artigo 10.

3. As solicitudes que se formulen tras a entrada en vigor deste real decreto realizaranse ante o órgano competente, conforme o artigo 10.

Disposición derogatoria única. *Derrogación do Real decreto 292/2004, do 20 de febreiro.*

Derrógase o Real decreto 292/2004, do 20 de febreiro, polo que se crea o distintivo público de confianza nos servizos da sociedade da información e de comercio electrónico e se regulan os requisitos e o procedemento de concesión.

Disposición derradeira primeira. *Título e habilitación competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.1.<sup>a</sup>, 6.<sup>a</sup>, 8.<sup>a</sup> e 21.<sup>a</sup> da Constitución e en execución do disposto na disposición derradeira oitava da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de aplicación.*

Os órganos competentes das comunidades autónomas poderán adoptar as resolucións precisas para a aplicación do disposto neste real decreto, en particular aquelas que posibiliten a xestión íntegra dos procedementos previstos nel mediante a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas, de conformidade co previsto na normativa vixente.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 30 de setembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

#### ANEXO



Denominación: Distintivo Público de Confianza en Liña.

Construción gráfica:

Unha figura vertical constituída por catro rectángulos iguais de 45 mm de base por 20,25 mm de altura. As medidas totais exteriores incluídos os catro elementos son 45 mm de base por 81 mm de altura. O segundo recadro contén unha imaxe mixta representativa da expresión abreviada da arroba e o logotipo de Arbitraje de Consumo.

Os rectángulos superior e inferior conteñen os seguintes textos: o superior «CONFIANZA EN LIÑA» e o inferior «PRESTADOR ADHERIDO» ambos os dous en maiúsculas. A expresión «PRESTADOR ADHERIDO» substituirase por «CÓDIGO DE CONDUCTA» cando o logotipo sexa utilizado pola entidade promotora do código. O terceiro recadro é un espazo en branco para situar distintos logotipos.

Tipografía: helvética, na súa versión normal cun corpo de letra 22, interlineado sólido e escala horizontal 100.

Cores: laranxa e negro. O primeiro composto por: maxenta 42%, amarelo 76% e o segundo, negro base. O logotipo arriba descrito figura calado en branco sobre o fondo laranxa.

Todas as liñas que forman o conxunto son en cor negra de 0,5 puntos.

## XEFATURA DO ESTADO

**16825** LEI ORGÁNICA 4/2005, do 10 de outubro, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, en materia de delitos de risco provocados por explosivos. («BOE» 243, do 11-10-2005.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno elaborou un conxunto de medidas antiterroristas para impulsar a loita contra as bandas armadas tanto orixinarias do noso país como aquelas outras organizacións criminais de ámbito internacional. Fronte á ameaza terrorista faise preciso introducir melloras no ordenamento sancionador coas cales o noso Estado social e democrático de dereito poida responder a esta ameaza de forma garantista, lexítima e eficaz.

Para tal efecto, a actual reforma trata de reforzar a intervención sancionadora nun ámbito susceptible de mellorar, como é o da utilización de substancias explosivas que poidan causar estragos, co obxectivo de elevar o reproche penal do tráfico indebido e o incumprimento dos deberes relativos á seguridade colectiva na tenza de tan perigosas substancias.

Esta reforma adopta como ineludible punto de partida a necesidade de tutelar a vida e a integridade física das persoas, que encontran o seu referente constitucional nos dereitos fundamentais do artigo 15 da Constitución española, fronte a calquera atentado contra a seguridade colectiva, entre outros bens xurídicos.

Ao dotar o ordenamento xurídico de novas medidas para intensificar o control e a seguridade dos explosivos que poden causar estragos preténdese evitar que esas bandas armadas se poidan apoderar deles de forma ilícita e poidan, así, cometer gravísimos atentados contra a vida e a integridade física das persoas. A potestade sancionadora administrativa revélase como insuficiente para atallar a conduta dos que, estando obrigados a iso, non observan as medidas de vixilancia e control dos explosivos. É evidente que as normas penais vixentes non permi-